



MISA CON NENOS

10 de outubro de 2021

Ordinario 28º-B

Evanxeo de Marcos 10, 17-30:
“Vai e vende o que tes e sígueme”.
Mensaxe: Só necesito o fío fino da túa pobreza para tecer o Reino de Deus



1. ACOLLIDA

Amigos e amigas:

Benvidos á celebración da Eucaristía no día do Señor, domingo 28 do tempo ordinario. Xesús invítanos a seguilo, aínda que resulte custoso levar adiante a invitación que nos fai. Pídenos que a nosa vida sexa compartir, non acaparar, baleirarnos das nosas riquezas para que o noso único tesouro sexa Deus e así obteñamos un valioso tesouro no ceo. Imos intentar vivir esta mensaxe esta semana.
SAÚDO: No nome... *O Señor Xesús, que nos mira con agarimo e invítanos a seguilo estea con todos vós.*

2. ACTO PENITENCIAL

Pedimos perdón polos pecados persoais e familiares:

- Ti, Señor, que nos invites a seguirte. Señor, ten piedade de nós.
- Ti, Señor, que nos prometes un tesouro no ceo se non nos agarramos aos tesouros da terra. Cristo, ten piedade de nós.
- Ti, Señor, que queres enriquecernos e traernos a salvación e a felicidade. Señor, ten piedade de nós.

Deus todopoderoso teña misericordia de nós...



3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

O libro da Sabedoría dinos que é mellor ser sabio que ter moitas riquezas. Deste xeito prepáranos para o relato do novo rico do evanxeo que preferiu quedar coas riquezas e perdeu o tesouro que é Deus, o único que nos dá a felicidade. A carta aos Hebreos axúdanos a valorar a Palabra de Deus porque nos ensina a elixir ben e xulgar as intencións do corazón.

4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

Presentemos ao Señor todas as nosas súplicas con toda a fe e con toda confianza dicindo:

-Que ti, Señor, sexas a nosa riqueza.

1. Polo Sínodo dos mozos que se está celebrando en Roma. **Oremos.**
 - 2.- Polos enfermos e os que sofren para que o Señor os encha da súa grazas nas dificultades. **Oremos.**
 3. Polos que nos dicimos cristiáns para que acollamos a invitación de Xesús a seguilo sabendo que el é o verdadeiro tesouro. **Oremos.**
 - 4.- Polos misioneiros para que aviven en nós o compromiso misioneiro. **Oremos.**
 - 5.- Polos que acaparamos posesións, para que descubramos que a verdadeira grandeza está en compartir e ter a Deus no corazón. **Oremos.**
 - 6.- Por nós para que aprendamos que é mellor ser boas persoas que ter moitas cousas. **Oremos.**
 - 7.- Polos que nos reunimos cada domingo, polos anciáns, polas familias con problemas. **Oremos.**
- Pai, escoita as pregarias que che presentamos e derrama sobre nós o Espírito que nos encha de sabedoría.*
Por XCNS.


5. PROCESIÓN DE OFRENDAS

- UN CARTEL DO SÍNODO DA IGREXA UNIVERSAL:** Señor, queremos unirnos ao sínodo universal que se abre nas nosas catedrais o vindeiro domingo. Queremos construír xuntos unha igrexa sinodal, que soñemos xuntos a igrexa de Xesús que os tempos actuais necesitan.
- UN COFRE CON MOEDAS OU BILLETES:** Con este cofre cheo de moedas (ou billetes) queremos representar un dos grandes males do mundo, o egoísmo. Que sempre sexamos conscientes de que a riqueza é mala compañía para entrar no ceo, pois a auténtica riqueza é ter a Cristo no corazón, e de aí nacen todas as outras.

-PAN E VIÑO: Co pan e o viño traemos ata o altar a xenerosidade de tantos homes e mulleres no mundo que nos van dando o que teñen. E que nunca nos falte Deus no altar e menos nos nosos corazóns.

6. VIDEOS 28º ORDINARIO –B: O mozo rico – Marcos 10, 17-27

- "O mozo rico", debuxos: <https://youtu.be/FyewSJtTMQY>
- "O mozo rico", debuxos": <https://youtu.be/AY0bZLHwNWc>
- "Xesucristo e o mozo rico", Película: <https://www.youtube.com/watch?v=1tnlRfIS7gA>
- "Xesucristo e o mozo rico", película: <https://youtu.be/jw0i5exXXV0>
- "O mozo rico", película: <https://www.youtube.com/watch?v=FE4IGQuoXvQ&feature=youtu.be>
- "Ricos", Verbo Divino 2012, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=cin9gaB-JSU>
- "O mellor gratis", Verbo Divino 2015, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=GiaGyEcf1LM>
- "Perspectiva", Verbo Divino 2018, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=8V89qSsDg2s>
- "Quen encontrou un amigo", canción da Irmá Glenda: <https://www.youtube.com/watch?v=fyDW7VEiORE>
- "Repensar o noso consumo", Verbo Divino 2021, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=GfAXj4o7g98>
- Evanxeo en linguaxe de signos: <https://www.youtube.com/watch?v=8MsSoi43BvA>
- "Algo máis", (O mozo rico), canción de Javier Brú: https://www.youtube.com/watch?v=ajclu_uHvio
- "O mozo rico", canción: <https://www.youtube.com/watch?v=Nz3UnmkfnOo&feature=youtu.be>
- "O mozo rico, canción": <https://www.youtube.com/watch?v=UUs5uuGQaLE>
- Xesús e o mozo rico, representación: https://www.youtube.com/watch?time_continue=92&v=9Jzgc8HG8zs
- "Como evanxelizar cun papel", explicación para mozos: https://youtu.be/gMfCE_HQNz8



7. ACCIÓN DE GRAZAS

- Gracias, Xesús, porque nos miras con agarimo e enches a nosa vida de ledicia e confianza.
- Grazas, Xesús, porque nos ensinas que é más importante ser boas persoas que ter moitas cousas.
- Grazas, Xesús, porque áinda que deixemos cousas, ti es o noso tesouro, o máis importante.
- Grazas, Xesús, porque quixeches que a túa nai, María, fose tamén a nosa.
- Grazas, Xesús polo agasallo da túa amizade incondicional.
- Grazas, Xesús, polos misioneiros aos que en outubro sempre recordamos.
- Xesús, quero seguirte sempre, que non me cargue de pedras, que non me apegue a nada, dámeme só ás para amar a todos.

8. SUXESTIÓNS:

Poderíase preparar unha pedra pequena para cada neno e dámossllas a medida que entren no templo. Preparamos tamén unha papeleira. Esa pedra representan as cousas que temos que quitar do noso corazón para ser amigos e seguidores de Xesús. Na poscomuñón poderíase pasar a tirar as pedras á papeleira mentres alguén le: "Temos na nosa man unha pequena pedra que representa aquilo que nos impide ser amigos e seguidores teus, Xesús. Como signo do noso desexo de quererte cada día máis, tiramos a pedra á papeleira".

